

Emilia Pardo Bazán

**HOMENAJEADA EN PRIVADO**

NAS DEDICATORIAS DOS LIBROS DE MOI ILUSTRES ESCRITORES

*Emilia Pardo Bazán*  
**HOMENAJEADA EN PRIVADO**

NAS DEDICATORIAS DOS LIBROS DE MOI ILUSTRES ESCRITORES


*Emilia Pardo Bazán*  
**HOMENAJE EN PRIVADO**

HAZ DEDICATORIAS DOS LIBROS DE MUI ILUSTRES ESCRITORES



[The main body of the page is blank white space.]

R.13514



Museo E.R.B., doazén 03

F-16065



Que dona Emilia, no seu tempo, provocou reticencias, ironías e, mesmo, xenreiras no gremio das Letras é algo que os seus biógrafos teñen declarado reiteradamente. Non podía ser doutro xeito, sendo muller e, ademais, intelixente, moi intelixente. O gremio era, daquela, no fundamental, un patriarcado, que quedou desconcertado e, ás veces, molesto. A escritora que acababa de irromper, non sen certo descaro, saíase do guión coñecido: non cantaba "as pombas i as frores". Quen coñeza os epistolarios de Pereda, Valera e Menéndez Pelayo, entre outros, sabe das reticencias e das bromas que a escritora suscitaba. Algunhas destas actitudes, máis ou menos matizadas, apareceron, non poucas veces, en reseñas, estudos e conferencias.

O certo é, sen embargo, que moi importantes escritores cubriron de gabanzas a dona Emilia nas dedicatorias dos seus libros. Algúns, neste circuito privado, dirían o que non proclamaban en público (non estaba ben visto renderse a unha escritora, a aquela escritora). Repárese nestas dedicatorias:

De Pereda, en *Pedro Sánchez* (1883): "A la insigne escritora, honor de su sexo... su apasionado lector y admirador incansable".

De Juan Valera, en *Morsamor* (1899): "A la ilustre amiga... con mil expresiones de cariño y de alta estimación por su fértil, original y simpático ingenio, su devoto admirador".

E de Menéndez Pelayo, en *De las vicisitudes de la filosofía platónica en España* (1900): "A la ilustre escritora..., su admirador y constante amigo".

Quizais estes tres dedicadores non tratasen, nesas datas, á dedicataria tan gabanciosamente se tivesen que pronunciarse en público sobre ela.

En canto ós escritores dunha xeración posterior (modernistas, Noventaioito e afíns), creo que os textos das súas dedicatorias son sinceros, bastante sinceros. Algúns non comprometen moito, coma o de Rubén Darío ("ilustre y amable amiga..., homenaje de..."), o de Juan Ramón Jiménez ("con la admiración y el agradecimiento") ou o de Antonio Machado ("A la ilustre escritora"). Comprometen máis as palabras de Unamuno: "... su constante lector y devotísimo amigo. Me admira ver con qué brío trabaja usted, qué amenidad da a lo más seco y qué soplo de vida". Tamén compromete a dedicatoria de Azorín, "estilista impar", se ben sorprende un pouco referida a dona Emilia por quen foi, sempre, un meticuloso estilista.

Dos estranxeiros, cómpre salientar dous novelistas do seu tempo, do seu tempo literario. En 1880, Eça de Queirós dedícalle *O crime do Padre Amaro* "com admiração", expresión probablemente tópica para unha escritora, daquela, a penas iniciada como tal. Zola dedícalle dúas novelas, *Germinal* (1885) e *La terre* (1887), cunha expresión que parece, tamén, protocolaria: "son dévoué

confrère" (o seu devoto colega). Sáibase que entre unha e outra dedicatoria, idénticas, dona Emilia tratara persoalmente ó mestre do naturalismo francés en París (1886). Todo fai supoñer que Zola só leu da Pardo Bazán *La cuestión palpante*, "libro que no parece de señora". Na mesma declaración, de 1891, despois de recoñecer que é un excelente estudio do naturalismo, confesa que está confuso de que a escritora española sexa "católica ferviente, militante, y, a la vez, naturalista, y me lo explico solo por lo que oigo decir de que el naturalismo de esa señora es puramente formal, artístico y literario".

Dos escritores en lingua galega, só un (das dedicatorias que coñezo) emprega o galego, Manuel Lugo Freire, no exemplar correspondente de *Noitebras* (1901): "A máis grande honra que eu puidera ter sería que nestas probes follas se pousasen os ollos da muller que máis gloria arrecadou para Galicia". Non a exalta menos Eduardo Pondal cando lle dedica *Rumores de los pinos* (1877): "A la brillante escritora y distinguidísima poetisa..., justa esperanza de los suyos y adorno de Galicia". Non é menor a consideración de Curros Enríquez tres anos despois ó dedicarlle *Aires da miña terra* (1880): "A la eminente escritora, honra de su patria... su admirador". Sabido é que, pouco tempo despois, a Pardo Bazán e Curros romperán toda relación, agás, no caso do poeta, o de tratar de mortificala nuns versos do *Divino sainete* (1888).



Teño a esperanza de que alguén estudie a fondo as 1880 dedicatorias que se conservan, dedicatorias que, ben examinadas, poden botar luz sobre o que realmente pensaban tantos e tantos escritores (algúns moi valiosos) sobre unha muller e escritora tan importante e tan peculiar no seu tempo. Foi, para moitos, sen dúbida, "eximia", como lle chama un escritor tan comprometido co galego como Florencio Vaamonde Lores, ó enviarlle, en 1901, o seu poemario *Mágoas*.

### XESÚS ALONSO MONTERO

Académico numerario da Real Academia Galega

A la unigal escritora, honor de su  
sexo, C.<sup>ta</sup> Emilia Pardo Bazán,  
su admirable lector y admi-  
rador incansable,

J. M. de Pereda

PEDRO SÁNCHEZ

MORSAMOR

A un ilustre amigo don  
Camillo Pardo Bazan con un  
expresiones de cariño y de al-  
ta estimacion por su fertil  
original y simpatico ingenio  
y devoto admirador.

F. de la Rosa

A la ilustre escritura  
de Emilio Paso Poyán,  
mi admirador y constante  
amigo M. Merino y Pelayo

I.

DE LAS VICISITUDES  
DE LA  
FILOSOFÍA PLATÓNICA EN ESPAÑA.

DISCURSO LEÍDO EN LA UNIVERSIDAD CENTRAL  
EN LA SOLEMNE INAUGURACIÓN DEL CURSO ACADÉMICO

DE 1889 á 1890.

25

Biblioteca E. S. B.

Q mi ilustre y amable amiga  
Emilia Pardo Bazán.

REAL ACADEMIA  
GALLEGA  
LA CORUÑA

21283

Biblioteca

Homenaje de

D. León J. J. J.  
Madrid, 1907

1  
A la  
Compañía de Puerto Rican,  
de la Atmósfera y de  
Aplicaciones de su amigo  
Juan R. Jimenez.

1912.

MELANCOLÍA

Ilustre escritora Doña Emilia Parde Bazán

Antonio Machado

— 11 —

SOLEDADES \* GALERIAS

OTROS POEMAS

A D<sup>ña</sup> Emilia Pardo Bazán  
su constante lector y devotísimo  
amigo.

Miguel de Unamuno

Me admira y con que celo trabaja  
usted, que amentada de lo más seco  
y que más de vida. ¡A trabajar!


DE LA ENSEÑANZA SUPERIOR EN ESPAÑA




A mi ilustre y admi-  
rada amiga D<sup>a</sup> Emi-  
lia Pardo Bazan, esti-  
lista impar,

ANTONIO AZORÍN

J. Martner Ruiz



A ilustre escriptora heya  
ultra D. Indira Pard Bazar



em testemunho d'admirã  
raças e repulsa

NOTA *offense*

*Re. M. M. M.*



CRIME DO PADRE AMARO recebeu no  
Brazil e em Portugal alguma attenção  
da Critica, quando foi publicado ulte-  
riormente um romance intitulado — O PRIMO BAZI-  
LIO. E no Brazil e em Portugal escreveu-se (sem to-  
davia se adduzir nenhuma prova effectiva) que O  
CRIME DO PADRE AMARO era uma imitação do ro-  
mance do snr. E. Zola — LA FAUTE DE L'ABBÉ MOU-  
RET; ou que este livro do author do ASSOMOIR e

à madame Emilia Pardo Bazán  
votre dévoué ou frère

Emile Zola

GERMINAL

à madame Emilia Pardo Bazan  
son dévoué confrère

Emile Zola

## LA TERRE

Libreria	4
Estante	6
Número	1

A mais grande honra que se  
pudera ter seria que nestas pro-  
las follas se pensarem pra leelas  
os ollos da mulher que mais grã  
arrecaou pra Galicia.

M. Luísa Freire

NOITEBRAS

A Lamma - 25 - 10 - 901.

Lamma. Ba. D. Emilia. Paulo. Rosa.

RUMORES DE LOS PINOS.

A la brillante escritora y  
distinguida poetisa, Doña Emilia  
Lucas Barzan, justa esperanza  
de los suyos, y adorno de  
España.

el autor

*La cui vent' anna, hanc de  
me patre, Amelia Paris d'au.  
fu. citu. d'au.  
M. (C. d'au. d'au.)*

AIRES D'A MIÑA TERRA.

REAL ACADEMIA  
GALLEGA  
LA CORUÑA

F. 10428

Libreria	16
Estante	6
Numero	116

A la eximia escritora Srta. D.<sup>a</sup> Emilia  
Barbo Baran, su admiradora

W. Hammond

8/2 Santo Domingo 4, Colón.







Casa-Museo



EMILIA  
PARDO  
BAZÁN





REAL ACADEMIA  
GALEGA

F 16065

EMILIA  
PARDO  
BAZÁN



Casa-Museo

Casa-Museo



EMILIA  
PARDO  
BAZÁN

Casa-Museo

EMILIA  
PARDO  
BAZÁN

REAL ACADEMIA  
GALEGA

F 16065